

# INSUELA, O BERCE



Antonio Fraguas Fraguas



*A* miña vida comezou o Día dos Santos Inocentes do ano 1905 na aldea de Insuela, na parroquia de Loureiro de Cotobade, en Pontevedra. Crieime no seo dunha familia labrega, en contacto coa natureza.

*F*oi miña nai Teresa, que traballaba na casa e nos labores do campo, a que me ensinou as primeiras letras, mentres meu pai Manuel, canteiro de oficio, estaba emigrado no Brasil.

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019



CEIP Xesús San Luis Romero  
Carballo



galicia



XUNTA DE GALICIA

# ANTONIA E ANTONIO



Antonio Fraguas Fraguas



2

*Aprendín moito da mamá Antonia, unha muller que servía na nosa casa. Ela coñecía moi ben as tradicións galegas e ensinoume costumes, oracións, ditos, refráns, adiviñas e coplas.*

*Foi a miña gran mestra, aínda sen saber ler, antes do mestre Antonio que me deu clases na escola do lugar de Famelga, a un quilómetro da nosa casa.*

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019



CEIP Xesús San Luis Romero  
Carballo





# DEIXANDO PEGADA



Antonio Fraguas Fraguas



3

*A*cludín ao instituto en Pontevedra para estudar o bacharelato, ata segundo curso por libre e despois por oficial. Remateino en 1924.

*F*un un privilexiado porque tiven profesores extraordinarios, entre outros, Sobrino Buhigas, Castelao e Losada Diéguez, quen foi un dos que máis influíu no meu pensamento e na miña obra.

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019



CEIP Xesús San Luis Romero  
Carballo



# TRABALLANDO ARREO



Antonio Fraguas Fraguas



4

*Aprobei con boas notas na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela. Licencieime en 1928 e empecei a dar clases na universidade e mais no instituto.*

*Foron anos de proveito. Afilieime ás Irmandades da Fala e ao Partido Galeguista, colaborei co Seminario de Estudos Galegos, publiquei os primeiros traballos de arqueoloxía e escribín no xornal *A Nosa Terra*.*

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019




CEIP Xesús San Luis Romero  
Carballo





# ANOS DE ESCURIDADE



Antonio Fraguas Fraguas




5

*Adeus aos meus soños. Coa Guerra Civil foise todo o traballo e a ilusión de trece anos de labor desinteresado a prol da cultura galega.*

*Fiquei triste cando destruíron o futuro museo da Terra de Tabeirós, cando me apartaron do ensino e pecharon o instituto da Estrada, pero seguí coa miña teima de defender o noso.*

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

# AMOR A GALICIA



Antonio Fraguas Fraguas

6

*A*diviñades todas as miñas facetas profesionais? Foron moitas.

*F*un escritor, profesor, investigador, conferenciante, antropólogo, etnógrafo, xeógrafo e bibliotecario. Ata intervín en varios programas de Unión Radio Galicia: fun dos primeiros en empregar o galego neste medio.

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019




CEIP Xesús San Luis Romero Carballo





# GALEGO DE BEN



Antonio Fraguas Fraguas



7

*A miña dona chamábase Teresa, casamos en 1932. Eu sempre apoiiei as rapazas e rapaces sen recursos. As miñas amizades dicían que era bo, xeneroso, afable, humilde e galego de ben.*

*Fon palabras que me chegaron ao corazón, mais eu coído que non son merecedor de tantas gabanzas. "A miña modesta obra non é máis que un pequeniño gran de area".*

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

# COTOBADA NA RAG



Antonio Fraguas Fraguas



8

*Alfonso Daniel Rodríguez Castelao deixoume a súa cadeira na Real Academia Galega. Lin o discurso de ingreso o 8 de maio de 1956.*

*Foi entón cando aproveitei a oportunidade para loar o meu benquerido profesor e amigo. Eu admiráboo moito e non me sentía quen de substituílo. Respondeume Ramón Otero Pedrayo.*

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019



CEIP Xesús San Luis Romero  
Carballo





# LIBROS E RECOÑECEMENTOS



Antonio Fraguas



9

*Aproveitei o tempo sempre, e sobre todo despois de me xubilar en 1975, para escribir numerosos artigos e libros.*

*Fixéronme entrega de moitos premios e recoñecementos; ata lle puxeron o meu nome a unha rúa en varios concellos de Galicia e a un instituto en Santiago de Compostela. E eu, mentres tiven folgos, nunca deixei de asistir a estes actos.*

## 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019



CEIP Xesús San Luis Romero Carballo




galicia



XUNTA DE GALICIA

# ENTREGADO AOS DEMAIS



Antonio Fraguas Fraguas



10

*A partir de 1994, a miña colección de libros, "o meu tesouro", atopou o seu lugar no Museo do Pobo Galego, do que fun un dos fundadores e logo presidente. Alí, a memoria de Galicia estará sempre presente.*

*Finei o 5 de novembro de 1999 e descanso no cemiterio de Boisaca en Santiago de Compostela.*

**17 DE MAIO** DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019



CEIP Xesús San Luis Romero Carballo

